

## XII CONVOCATORIA DE ACCIÓNS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL (incluídos proxectos de Aprendizaxe e Servizo)

Oficina de Cooperación e Voluntariado, 2025

### 1. Obxectivo

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña (UDC) publica esta nova convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, e proxectos desenvolvidos coa metodoloxía da Aprendizaxe e Servizo (en adiante ApS), co obxectivo de apoiar aquelas actividades da comunidade universitaria cuxos fins sexan os seguintes:

- a) Fomentar os valores da cidadanía global e promover un novo modelo humano activamente comprometido na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Organización das Nacións Unidas (ONU).
- b) Valorar e respectar a diversidade cultural e promover a interculturalidade.
- c) Impulsar o consumo responsable.
- d) Comprometerse coa erradicación da pobreza e as desigualdades.
- e) Defender os dereitos humanos individuais e sociais, alén da igualdade de xénero.
- f) Favorecer o coñecemento da Axenda 2030, adoptada pola ONU, promovendo a participación social comprometida e corresponsable da comunidade universitaria da UDC.

Dentro desta convocatoria poderán ser obxecto de financiamento as seguintes actividades:

- a. Charlas, xornadas, conferencias, cursos, obradoiros, exposicións etc. relacionadas coa comunicación e a educación para o desenvolvemento. As ditas actividades poderán levarse a cabo en formato presencial ou virtual.
- b. Actividades para a sensibilización da comunidade universitaria no tocante aos dereitos humanos, a xustiza social e a participación cidadá, con especial atención á Axenda 2030.
- c. Gastos financiados asociados aos proxectos de aprendizaxe e servizo levados a cabo no marco das distintas materias dunha titulación, nos TFG, TFM ou practicum.
- d. A publicación de materiais relacionados coas temáticas da convocatoria.
- e. Outras accións que cumpran cos obxectivos desta convocatoria.

As actividades e accións obxecto desta convocatoria deberán aterse ás seguintes regras:

- a) As actividades deberanse levar a cabo na UDC (agás as actividades de ApS). No caso de actividades de Educación para o Desenvolvemento (en adiante EpD) non emarcadas nun ApS que excepcionalmente se realicen fóra dos campus universitarios, terá que argumentarse na solicitude a forma en que a acción reverterá na comunidade universitaria da UDC.
- b) A persoa solicitante deberá contar cos permisos precisos para efectuar a actividade.
- c) As actividades non poderán esixir a satisfacción de cotas de matrícula en ningún caso.
- d) No caso do alumnado, é obrigatorio que participe na organización da actividade algún membro do persoal docente e investigador (PDI) ou do persoal de administración e servizos (PTXAS) da UDC, o cal se reflectirá a través dunha carta asinada por este que avale a dita actividade.
- e) Se a persoa solicitante percibe outra(s) achega(s) para a mesma acción deberá informar a OCV o máis axiña posible e presentar a documentación pertinente. A suma de todas as aportacións conseguidas deberá cubrir a totalidade dos gastos xerados pola actividade.

- f) Terán preferencia as accións institucionais impulsadas polos centros e servizos xerais da UDC.
- g) Valoraranse positivamente as accións cuxa repercusión involucre un número elevado de membros da comunidade universitaria.
- h) Terán unha especial consideración os proxectos de ApS que se desenvolvan cunha clara orientación cara á consecución dun ou varios ODS.
- i) As accións poderán executarse desde o día seguinte ao da resolución da convocatoria até o 31 de outubro de 2025.

Quedarán **excluídas** aquelas actividades que supoñan a recadación ou percepción de fondos para calquera ONGD ou entidade sen ánimo de lucro.

## 2. Persoas destinatarias

Esta convocatoria dirixese ao PDI e PTXAS da UDC e o estudiantado matriculado nas titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da UDC e as demais persoas vinculadas á UDC, sempre e cando non teñan incompatibilidade para participar nesta convocatoria.

## 3. Contía e forma de pagamento. Xustificación dos gastos

Esta convocatoria finánciase con fondos propios da UDC, con cargo á aplicación orzamentaria 0901-321A-22606, por un importe inicial de 7.000 €

Isto é así sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O importe máximo que se outorgará por actividade será de 1.000 €, agás no caso da publicación de materiais, en que fica limitado a 150 €. As ditas cantidades ficarán suxeitas, con todo, á dispoñibilidade orzamentaria.

As solicitudes avaliaranse aplicando os criterios de selección que se indican no apartado 6 deste documento.

Todos os gastos imputables a esta convocatoria, unha vez seleccionadas as solicitudes beneficiarias, **serán xestionados pola OCV** a medida que se vaian producindo, mediante os procesos administrativos habituais. **A persoa que presente o proxecto, unicamente poderá coordinar a actividade.**

Rematada calquera actividade, a persoa responsable presentará, non máis aló do 15 de decembro de 2025, a memoria final e o informe dos gastos correspondentes nunha folla de cálculo, ademais da documentación gráfica ou audiovisual pertinente.

## 4. Gastos imputables e non imputables

Serán gastos imputables os seguintes:

- a) Os de publicación de materiais relacionados coa convocatoria, incluídos aqueles de divulgación das actividades (carteis, dípticos etc.).
- b) Os de adquisición de material funxible audiovisual (DVD, CD, etc.).
- c) O pagamento a conferenciantes alleos á UDC e os gastos asociados á súa participación nas actividades (desprazamento, aloxamento e manutención), aos cales se lles aplicará a instrución pertinente.
- d) O pagamento de desprazamentos a alumnado participante nos proxectos de ApS debidamente xustificadas, e necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades.

Os seguintes serán gastos non imputables:

Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

- a) Os de compra de material inventariable.
- b) Os relativos ao envío de material.
- c) Os de bolsas e axudas.
- d) Aqueles referentes á contratación de persoal.
- e) Os gastos administrativos e de xestión.
- f) Os gastos protocolarios (pausas-café, agasallos, etc.)

Todos os desembolsos precisarán da correspondente xustificación (facturas, billetes electrónicos, tarxetas de embarque etc.) por parte da persoa responsable da actividade.

## 5. Formalización e presentación de solicitudes

O impreso de solicitude está dispoñible na páxina web da OCV da UDC, co seguinte enderezo web: [www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv). *Non presentar o dito impreso debidamente cuberto e asinado será motivo de exclusión.*

Ademais do impreso normalizado de solicitude, o alumnado deberá presentar os seguintes documentos:

- a) Unha fotocopia do xustificante de estar ao corrente no pagamento da súa matrícula, na modalidade presencial, en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da UDC no curso académico 2024/2025.
- b) Unha carta dun membro do PDI ou do PTXAS en que se avale a actividade que se solicita de forma argumentada, coa descrición da mesma e un resumo dos gastos.
- c) O apoio a accións presentadas como de ApS, non implicará o seu recoñecemento específico como proxectos ApS.

A solicitude presentarse a través do Rexistro electrónico da UDC ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Local nº 1 (baixos) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira) ou de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, avenida de Vigo s/n, baixo).

Poderase presentar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria até o 30 de setembro de 2024, *sempre cunha antelación de 30 días hábiles á realización das actividades.*

Tamén poderán enviarse a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa.

A persoa solicitante deberá enviar tamén a súa solicitude ao enderezo electrónico [ocvfer@udc.gal](mailto:ocvfer@udc.gal), sen excluír a obriga da súa presentación por rexistro oficial para que a solicitude sexa válida.

## 6. Avaliación das solicitudes. Resolución

As solicitudes que se presenten serán valoradas pola Comisión Avaliadora Permanente da OCV, coa seguinte composición:

- a) Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, presidenta, ou persoa en quen delegue
- b) Director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado, vogal, ou persoa en quen delegue

c) Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado, vogal, ou persoa en quen delegue

Avaliaranse de acordo cos seguintes criterios:

- 1) Adecuación aos obxectivos da convocatoria e carácter innovador da proposta (6 puntos max.)
- 2) Orzamento acorde coa acción que se realizará (5 puntos max.)
- 3) Vinculación da actividade a outras accións de comunicación e educación para o desenvolvemento ou participación social levadas a cabo na UDC (2 puntos max.)
- 4) Colaboración con asociacións, ONGD, universidades e outros actores en materia de comunicación e educación para o desenvolvemento ou participación social, especialmente aquelas entidades que teñan ligazóns permanentes coa UDC (3 puntos max.)
- 5) Repercusión da acción de sensibilización na comunidade universitaria da UDC (4 puntos max.)
- 6) Sinerxías entre diferentes servizos, escolas, departamentos etc. da UDC (2 puntos max.)
- 7) Viabilidade e sustentabilidade da acción (3 puntos max.)

Para ser elixidas, as propostas deben atinxir unha *puntuación mínima de 15 puntos* dos 25 posibles.

As solicitudes avaliaranse a medida que se vaian recibindo e até esgotar os fondos dispoñibles. *A comisión seleccionará o proxecto e xestionarao internamente.*

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informará sobre a resolución da Comisión Avaliadora Permanente da OCV nun máximo de 15 días desde a data da recepción das solicitudes, e de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a OCV publicará na sede electrónica da UDC e na súa web (<http://www.udc.es/ocv>) a relación das actividades e a identidade da(s) persoa(s) beneficiaria(s), ou, de ser o caso, as actividades excluídas e a causa da súa exclusión, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

A convocatoria poderase declarar deserta, mediante resolución motivada, por incumprimento das condicións esixidas nela ou por aproveitamento desta sen autorización previa.

## 7. Obrigas das persoas beneficiarias

A persoa responsable das actividades que sexan seleccionadas deberá presentar na OCV, no prazo de 5 días hábiles desde a data da resolución da Comisión Avaliadora, unha carta asinada en que conste a súa aceptación (o modelo de carta está dispoñible na páxina web da OCV).

A dita aceptación implica o cumprimento das normas fixadas nesta convocatoria.

En concreto, as principais obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

- a) Realizar a actividade presentada á convocatoria no prazo determinado e antes do 31 de outubro de 2025.
- b) Coordinar a realización das actividades coa OCV antes de que teñan lugar. Amosarlle o material que se vai empregar, comunicarlle a proposta de datas para levalas a cabo e difundir de forma conxunta a actividade, en que se incorporará a imaxe corporativa da OCV.

c) Achegar unha memoria explicativa tras realizar as actividades, nos 15 días posteriores á súa realización, acompañada da documentación gráfica ou audiovisual pertinente. Na dita memoria constarán as actividades que se levaron a cabo, os obxectivos acadados e as conclusións obtidas.

Os materiais audiovisuais que se entreguen poderán ser utilizados pola OCV para divulgar a convocatoria tanto na súa web como nas redes sociais.

d) Notificarlle á OCV o máis axiña posible calquera cambio nas condicións da acción, de ser o caso. Se a variación é orzamentaria, deberá refacerse o orzamento para presentalo novamente coas modificacións aplicadas.

## 8. Tratamento datos carácter persoal

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder os proxectos da XI Convocatoria de Accións de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: [www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv); <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.<sup>a</sup> da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo

electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas



**FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO,  
SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL (incluídos proxectos de Aprendizaxe e servizo)**

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO, 2025

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (no caso de ser PDI ou PTXAS)**

<b>Apelidos:</b>	<b>Nome:</b>	<b>NIF:</b>
<b>Centro/departamento/unidade:</b>	<b>Adicación:</b> <input type="checkbox"/> Completa <input type="checkbox"/> Parcial	<b>Vinculación coa UDC:</b> <input type="checkbox"/> PTXAS <input type="checkbox"/> PDI
<b>Enderezo para os efectos de notificación:</b>		<b>Tfno. :</b> <b>Correo electrónico:</b> @udc.es

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (no caso de ser alumnado)**

<b>Apelidos:</b>	<b>Nome:</b>	<b>NIF:</b>
<b>Centro:</b>		
<b>Nome e apelidos do/a PDI ou PTXAS que avala o proxecto:</b>	<b>Sinatura do PDI ou PTXAS:</b>	
<b>Enderezo para os efectos de notificación:</b>		<b>Tfno. :</b> <b>Correo electrónico:</b> @udc.es

**FICHA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE**

(cómpre describir a actividade en catro ou cinco liñas):

--

**Datas de inicio e finalización da actividade:**

--	--

**Importe total orzamentado:**

**Importe total solicitado á OCV**

--	--

A Coruña, de

de 2025

Sinatura:



RELACIÓN DOS MEMBROS DA UDC PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE (só si procede)		
Nome:	Apelidos:	NIF:
Colectivo de pertenza na UDC (cómpre marcar cun "X" o recadro que corresponda): Profesorado: <input type="checkbox"/> Estudantado: <input type="checkbox"/> P.A.S.: <input type="checkbox"/>		
Centro / departamento / unidade:		
Experiencia previa na temática da cooperación ou educación para o desenvolvemento:		

DATOS BÁSICOS DO PROXECTO
Título do proxecto:
Lugar (es) de execución do proxecto:
Duración do proxecto:
Beneficiarios/as do proxecto (colectivo e número):





**Obxectivo (s) xeral e específicos:**

**DESCRIPCIÓN DO PROXECTO VINCULADO COAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS OU DE XESTIÓN QUE O/A SOLICITANTE REALIZA NA UDC / MOTIVACIÓN (antecedentes, contexto, xustificación, actividades que se realizarán e implicación de cada unha das persoas participantes no desenvolvemento do dito proxecto)**

**Antecedentes da actividade:**

Descrición da actividade a desenvolver (incluir obxectivos):

**ORZAMENTO DESAGREGADO E XUSTIFICACIÓN DE CADA PARTIDA ORZAMENTARIA (cómpre indicar expresamente o solicitado á UDC e, no seu caso, a existencia de cofinanciamento do proxecto)**



**NOTA:** Para cubrir a táboa prema dúas veces sobre ela co botón dereito do rato. Para vela e imprimila correctamente deixe o cursor na cela A1. Poden inserirse ou eliminarse tantas celas como for necesario.

Partidas orzamentarias	Descrición/concepto	Achega da UDC	Outras achegas públicas	Achega do/a solicitante	Outras achegas privadas	Total
Material funxible						
<b>SUBTOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0
Material bibliográfico						
<b>SUBTOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0
Gastos de divulgación						
<b>SUBTOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0
Gastos de viaxes, aloxamento e axudas de custo						
<b>SUBTOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0
Outros gastos						
<b>SUBTOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0
<b>CUSTO TOTAL</b>		- €	- €	- €	- €	0

Observacións: